



| Guía Docente | | | | |
|---------------------------|---|---------------------------|---------------------|-----------------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Intervención Didáctica en Espazos Culturais | Código | 652534020 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Pérez Guilarte, Yamilé | Correo electrónico | yamile.perez@udc.es | |
| Profesorado | Pérez Guilarte, Yamilé | Correo electrónico | yamile.perez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Na educación regrada e nos ámbitos da educación non regrada estase a dar un incremento das relacións entre docentes/educadores e os contextos culturais de diferentes ámbitos, nun diálogo enriquecedor que se nos ofrece como interesante potencial educativo.</p> <p>Ademais, constitúen un importante xacemento de emprego con novas figuras profesionais e especificamente aquelas relacionadas co ensino non regrado e co ámbito da comunicación dos coñecementos sociais e culturais.</p> <p>O coñecemento destes espazos culturais e a activación de recursos didácticos en relación con eles, é o eixo principal desta materia, caracterizada por unha orientación práctica e vivencial.</p> | | | |



| | |
|-----------------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Actividades iniciais - Análise de fontes documentais - Aprendizaxe colaborativa - Obradoiro - Saídas de campo - Sesión maxistral - Traballos tutelados</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Non se realizarán cambios.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado a través dos foros.</p> <p>Teams: 1 sesión semanal ou mais segundo o demande o alumnado para o seguimento e apoio na realización dos traballos tutelados?, sempre no horario da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Traballos tutelados (40%) - Realización dun traballo en parella que será presentado de forma oral a través de Microsoft Teams nas últimas sesións.</p> <p>Saídas de campo (60%) - Prácticas elaboradas a partir da realización de itinerarios virtuais, da análise de páxinas web de institucións culturais, así como de observacións indirectas de espazos culturais.</p> <p>*Observacións de avaliación: Ao alumnado que non superara a avaliación continua, orientaráselle para a mellora daquela tarefa ou tarefas nas que non se acadara a máxima puntuación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios</p> |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | E1 - Coñecer as bases teóricas do traballo interdisciplinar e identificar os seus centros de interese en contextos escolares e non escolares. |
| A2 | E2 - Identificar e analizar criticamente propostas interdisciplinares no ámbito educativo. |
| A3 | E3 - Diseñar, xustificar, organizar e avaliar de forma sistemática propostas interdisciplinares en distintos contextos educativos. |
| A6 | E6 - Establecer os descritores xerais que caracterizan unha investigación: seleccionar, elaborar, tratar e interpretar os datos, e presentar os resultados de acordo cos propósitos da investigación. |
| A7 | E7 - Capacidade de aplicar coñecementos teóricos relativos ás Didácticas Específicas, tanto á investigación como á innovación e a avaliación. |



| | |
|-----|---|
| A8 | E8 - Ser capaz de defender e argumentar de forma oral e escrita o traballo de investigación e/ou innovación realizado, utilizando no seu caso recursos audiovisuais de apoio. |
| A9 | E9 - Ensañar e avaliar formulacións de ensino disciplinares ou interdisciplinares en contextos educativos reais, e promover propostas de mellora en relación cos resultados obtidos. |
| A15 | E15 - Identificar criterios de calidade e control tanto na investigación como na práctica docente, fomentando o espírito crítico, reflexivo e innovador. |
| B1 | CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B4 | CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B6 | G1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| B9 | G4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| B11 | G6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| B12 | G7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| B13 | G8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C1 | T1 - Capacidade de análise e síntese. |
| C4 | T4 - Traballar de forma colaborativa. |
| C6 | T6 - Capacidade de innovar (creatividade) dentro de contextos educativos escolares e non escolares. |
| C7 | T7 - Comportarse con ética e responsabilidade social e ambiental como docente e/ou investigador. |
| C8 | T8 - Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento. |
| C10 | T10 - Ter capacidade para actualizar os coñecementos, metodoloxías e estratexias na práctica docente. |
| C11 | T11 - Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria. |
| C13 | T13 - Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos. |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|-------------------|---------------------|
| | AM1 | BM12 | CM8 |
| Coñecer e identificar os espazos culturais e o seu potencial educativo en diferentes contextos. | AM1 | BM12 | CM8 |
| Familiarizarse cos diferentes ámbitos dos espazos culturais dende unha perspectiva interdisciplinar e integradora. | AM2 | BM2 BM9 | |
| Experimentar e vivenciar situacións e procesos de aprendizaxe en relación cos espazos culturais e desenvolver as capacidades emocionais e creativas. | | | CM4 CM6 CM7 |
| Coñecer, analizar e avaliar experiencias e propostas innovadoras nos ámbitos da Educación Infantil e Primaria. | AM6 AM9 AM15 | | CM1 CM11 CM13 |
| Ser capaz de deseñar propostas didácticas para diferentes niveis da Educación Infantil e Primaria coherentes e innovadoras aplicando os coñecementos adquiridos en diferentes contextos educativos. | AM3 AM7 | BM1 BM4 BM6 | |
| Identificar o espazo físico do ámbito virtual e coñecer as interrelacións entre ambos planos. | AM8 | BM11 BM13 | CM10 |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|-------|----------|
|-------|----------|



| | |
|---------------------------------|---|
| A comprensión do espazo. | <ul style="list-style-type: none"> · O espazo conceptualizado e vivenciado polo ser humano. · Diversificación do espazo e espazos culturais. |
| A pedagogía dos espazos. | <ul style="list-style-type: none"> · Do espazo vivido e comprendido ao espazo para a didáctica. · Espazos culturais como recursos e ferramentas didácticas. · Os espazos culturais e as súas relacións cos contextos educativos. · Potencialidade didáctica dos espazos culturais: da vivencia á proposta. · A perspectiva transdisciplinar. · Experiencias e propostas didácticas en espazos culturais: análise de experiencias e perspectivas de acción para a súa implementación na Educación Infantil e Primaria. |
| Espazo físico e ámbito virtual. | <ul style="list-style-type: none"> · Os espazos culturais físicos e a súa vixencia. · os espazos culturais virtuais e o seu potencial. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A1 B12 C8 | 1 | 1 | 2 |
| Análise de fontes documentais | A6 A15 | 1 | 3 | 4 |
| Aprendizaxe colaborativa | C4 | 2 | 6 | 8 |
| Obradoiro | A8 B1 C1 | 2 | 4 | 6 |
| Saídas de campo | A2 B2 B9 C7 C13 | 4 | 12 | 16 |
| Sesión maxistral | A1 B11 C10 C11 | 6 | 6 | 12 |
| Traballos tutelados | A3 A7 A9 B4 B6 B13 C6 | 5 | 20 | 25 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Periódica e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia. |
| Análise de fontes documentais | Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación cos espazos culturais. |
| Aprendizaxe colaborativa | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única. |
| Obradoiro | Están concibidos como ensaios de experimentación de aprendizaxes de traballo por proxectos e por centros de interese. Materialízanse en encontros, simulacións, debates, exposicións, etc., arredor de temáticas concretas, deseñados e desenvolvidos polo alumnado e guiados pola profesora. |
| Saídas de campo | Son unha parte moi importante no desenvolvemento da materia e serán saídas programadas a contextos culturais formativos e a contextos do contorno inmediato. Preténdese que o alumnado adquira tanto capacidades de organización de saídas como o coñecemento de institucións, actividades, exposicións, paisaxes, etc. e a comprensión do seu potencial educador. O alumnado desenvolverá capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a experimentación e a recollida de información. |
| Sesión maxistral | As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Realizaranse co apoio de documentación específica e medios audiovisuais e estará directamente relacionada coas metodoloxías utilizadas na docencia interactiva. |



| | |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no espectro dos espazos culturais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. |
|---------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Os traballos tutelados conlevarán unha atención personalizada nas titorías. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---------------------------|---|---------------|
| Traballos tutelados | A3 A7 A9 B4 B6 B13 C6 | O proceso de deseño e elaboración dos traballos, os resultados dos mesmos, así como a exposición oral, serán obxecto de avaliación. Terase en conta a idoneidade do tema escollido e o seu desenvolvemento. Realizaranse por parellas, quedando ao criterio da docente a posibilidade de realizalos individualmente. | 50 |
| Sesión maxistral | A1 B11 C10 C11 | Realizarase unha proba simple, individual, no que o alumnado demostre a comprensión e asimilación dos contidos básicos tratados. | 10 |
| Saídas de campo | A2 B2 B9 C7 C13 | As actividades previas e posteriores ás saídas a centros de interese cultural serán obxecto de avaliación, valorándose a participación activa e a calidade na realización das tarefas encomendadas. | 40 |

Observacións avaliación

O alumnado terá que realizar todas as saídas que se programen. Se por causa xustificada non a puidera facer co grupo, deberá facela individualmente, exceptuando aqueles casos que polas características non o permitan, polo que tería que realizar unha tarefa de contidos ou características semellantes.

Para superar a materia, o alumnado terá que superar cada unha das metodoloxías de avaliación.

O alumnado con matrícula a tempo parcial será avaliado polo traballo tutelado e a proba individual, da mesma maneira que aqueles/as que non cumpran coa asistencia do 80%. Así mesmo, deberán seguir as indicacións da profesora para suplir a realización das saídas de campo. A nota final será a media das cualificacións obtidas, requiríndose en cada unha delas unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 para aprobar a materia.

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Hernández Carretero, A. M. (2010). El valor del paisaje cultural como estrategia didáctica.. Tejuelo, 9 - Estepa Giménez, J. (2013). La educación patrimonial en la escuela y el museo: investigación y experiencias.. Huelva: Servicio de Publicaciones Universidad de Huelva - Calaf Masachs, R. (2009). Didáctica del patrimonio: epistemología, metodología y estudio de casos.. Asturias: Trea - Cifre- Mas, J. e Adrover J. M. (2012). Aprender a través de los ambientes. Una propuesta para una escuela activa y competencial. . Aula de Innovación Educativa. Aula de espacios y tiempos - Asensio, M. e Pol, E. (2002). Nuevos escenarios en educación. Aprendizaje informal sobre el patrimonio, los museos y la ciudad. . Buenos Aires: Aique - Escribano-Miralles, A. y Molina, S. (2015). La importancia de las salidas escolares y museos en la enseñanza de las ciencias sociales en Educación Infantil. Análisis de un caso a partir del modelo CIPP.. Clío: History and History Teaching - Fontal Merillas, O., Gómez-Redondo, C. (2015). Evaluación de programas educativos que abordan los procesos de patrimonialización.. Didáctica de las ciencias experimentales y sociales - Licerias Ruiz, A. (2003). Observar e interpretar el paisaje. Estrategias didácticas. . Granada: Grupo Editorial Universitario. - Rivero, Pilar (2006). Didáctica de las Ciencias Sociales fuera de la escuela: competencias para una mayor empleabilidad.. Barcelona: IV Congrés Internacional Docència Universitària Innovació &quot;La competència docent <p>https://vtshome.org/http://museobelasartescoruna.xunta.gal/ http://istoenormal.org/gl/</p> <p>http://www.fundacionnaturgy.org/mac/https://vtshome.org/http://museobelasartescoruna.xunta.gal/</p> <p>http://istoenormal.org/gl/ http://www.fundacionnaturgy.org/mac/</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Trátase dunha materia que se realizará, principalmente, cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. É por isto polo que a asistencia e participación, en todas e cada unha das actividades desenvolvidas no contexto da materia, será fundamental. A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías